

ABAU
CONVOCATORIA DE XULLO
Ano 2019
CRITERIOS DE AVALIACIÓN

LATÍN II (cód. 30)

PARTE 1: TEXTOS (ata 6 puntos)

1. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

OPCIÓN A

"Adriano tivo paz durante todo o tempo do seu mandato. Percorreu o territorio romano; edificou moitas cousas. Foi moi elocuente na lingua latina, moi erudito na grega. Non tivo grande fama de clemencia. Morreu na Campania con máis de sesenta anos. O senado non quixo atribuírlle honores divinos".

OPCIÓN B

"Xúpiter colocounos dúas alforxas:

púxonos ás costas unha chea dos vicios propios,
diante o peito colgounos a outra cargada cos alleos.

Por esa razón non podemos ver as nosas cousas malas;
tan pronto os demais comenten unha falta, censores somos".

PARTE 2: MORFOLOXÍA E SINTAXE (ata 1 punto: ata 0,5 cada pregunta)

2. Hai que analizar morfoloxicamente as palabras do fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades propostas e indicar os accidentes gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor desas palabras no texto en cuestión.

3. Hai que analizar sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas.

Para as dúas preguntas admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PARTE 3: LITERATURA LATINA (ata 1,5 puntos)

Hai que responder a unha soa das dúas preguntas propostas; se algún alumno/-a responde ás dúas, terase unicamente en conta a que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4a. Hai que explicar brevemente as principais características da *Eneida* de Virxilio: xénero, contido, estrutura, personaxes, forma, estilo, etc.

4b. Hai que mencionar tres comedias de Plauto e facer un breve resumo do argumento de cada unha delas.

PARTE 4: LATÍN ORIXE DAS LINGUAS ROMANCES E LÉXICO (ata 1,5 puntos: ata 0,75 cada pregunta)

Débese responder soamente a dúas das tres preguntas propostas; se algún alumno/-a responde a máis de dúas cuestións, tomaranse en consideración soamente as dúas que presente primeiro.

Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta. Nas tres cuestións (5, 6 e 7) a resposta a cada un dos tres elementos polos que se pregunta será valorada con ata 0,25.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 2019

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación